



C O N C E L L O

DE

PONTEDEUME

SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

URB 04

Don/a _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto no presente escrito e que achego a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA (marcar cun X)

Documentación para vivenda unifamiliar

- Copia da licenza de obras
- Acta de replanteo
- Acta de recepción ou acreditación da recepción tácita
- Certificado final de obra expedido polo/s técnico/s director/es da obra, que incluírá: certificado visado polo correspondente colexio profesional; orzamento final de obra; fotografías exteriores do edificio rematado, incluíndo todas as fachadas e medianeiras; de ser o caso planos modificados do estado final do edificio; de ser o caso, certificado de final de obras da urbanización
- De ser o caso, informe resultante dun preceptivo control arqueolóxico
- De ser o caso, licenza e documentación relativa ao depósito de combustible/instalación de gas
- De ser o caso, boletín da instalación de ascensor/montacargas
- Certificación das empresas subministradoras de servizos acreditativos da idoneidade das acometidas
- Certificado de eficiencia enerxética de edificio terminado (para licenzas urbanísticas solicitadas con data posterior a 05/09/2009)
- Xustificante do cumprimento de medidas de aforro de recursos
- Xustificante de solicitude de alta no Imposto sobre Bens Inmóbles
- Xustificante de pago da liquidación definitiva do ICIO
-
-
-

Documentación para vivenda colectiva (completando a documentación anterior)

- Documentación xustificativa do cumprimento da normativa de protección acústica e da Ordenanza municipal reguladora de emisión de rúidos e vibracións
- Documentación xustificativa do cumprimento da normativa reguladora de infraestruturas comúns de telecomunicacións
- Documentación xustificativa do cumprimento da normativa reguladora de instalacións de baixa tensión
- Documentación xustificativa do cumprimento da normativa reguladora de instalacións de protección contra incendios
-
-
-

E SOLICITO que, previos os trámites oportunos, me sexa concedida a correspondente LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, comprometéndome a facer efectivo, en tempo e forma legais, os tributos municipais correspondentes.

O que asino de xeito responsable, en Pontevedra, _____ de _____ de _____

Asinado o interesado

Asinado o representante



C O N C E L L O
DE
PONTEDEUME

SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

URB 04

DESCRICIÓN

Tramítase a licenza de primeira ocupación de conformidade co disposto no artigo 194.g. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e con disposto no artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro.

A licenza de primeira ocupación ten por obxecto comprobar que o edificio, ou, de ser o caso, a urbanización da contorna, se realizaron de conformidade co proxecto técnico e a licenza concedida; que reúne as condicións técnicas de seguridade, salubridade e ornamento público; que o edificio pode destinarse a uso determinado; que o construtor repuxo, daqueles que resultasen danados, os elementos e equipamentos urbanísticos.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.

INSTRUCCIÓN DE CUMPRIMENTACIÓN

1. Cubrir a máquina ou con letra maiúscula
2. Datos identificativos do solicitante:
 - a. Persoa física: DNI (ou equivalente). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b. Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación.
 - c. Comunidade de propietarios: DNI do presidente ou do administrador e documentación acreditativa da representación.
3. Unha vez cuberta a solicitude, presentarse no Rexistro Xeral do Concello, xunto coa documentación esixida.

Lembre imprimir o impreso a dobre cara.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Recórdase a prohibición dos titulares da edificación da súa ocupación sen ter obtida a licenza de primeira ocupación, podendo ser sancionado segundo o establecido no Decreto 28/1999 e na Lei 9/2002. Segundo os artigos 194 da Lei 9/2002 e 17 do Decreto 28/1999, as empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telecomunicacións esixirán para a contratación dos respectivos servizos as licenzas que en cada caso resulten precisas, e concretamente esixirán aos contratantes e conservarán para a contratación dos respectivos servizos copia da licenza de ocupación dos edificios e instalacións xerais suxeitos á súa obtención.

As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico.

Respecto aos requirimentos de documentación en relación coa solicitude, e por ser preciso para a súa tramitación, notifícase que segundo o art. 71.1.da Lei 30/1992, do 26 de decembro, LRXPAC, dispón dun prazo de 10 días para achegar a documentación solicitada. De non achegar a documentación no dito prazo considerarase desistido da petición, previa resolución dictada ao abeiro do art. 42 da LRXPAC.

De acordo co disposto o artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Estes datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

Para máis información pode vostede contactar co Departamento de Urbanismo:
Foremdes
Av. Ricardo Sánchez nº6
CP 15600

